



Acordo da Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) do 10 de novembro de 2009, polo que se aproba o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

De conformidade coa disposición adicional vixésimo sétima da Lei do Parlamento de Galicia 3/2002, do 29 de abril, de medidas de réxime fiscal e administrativo e o artigo 6 do Decreto 270/2003, do 22 de maio, regulador da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), na súa redacción dada polo Decreto 326/2009, do 11 de xuño, o artigo 7.1 dos Estatutos da ACSUG dispón que esta realizará, no ámbito da comunidade autónoma, as funcións de emisión de informes, avaliación, certificación e acreditación, previstas na Lei orgánica 6/2001, de universidades, así como calquera outra función análoga que sexa propia do ámbito da garantía da calidade universitaria que lle poida ser atribuída pola normativa que resulte de aplicación.

Deste xeito, correspóndelle á ACSUG a competencia para realizar as avaliacións e informes pertinentes, esixidos pola normativa específica de aplicación, para poder ser contratados como profesorado axudante doutor, profesorado colaborador, profesorado contratado doutor e profesorado de universidade privada, polas universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG). Estas funcións, de acordo co artigo 22 dos Estatutos da ACSUG, están atribuídas á Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA).

Por outra banda, tanto o citado Decreto 270/2003, do 22 de maio, na súa Disposición Derradeira Primeira, como o artigo 23.2 dos Estatutos da ACSUG establecen que a CGIACA, como órgano superior de avaliación da ACSUG, e en consonancia coa independencia coa que esta deberá actuar no exercicio das funcións que teña atribuídas, será quen aprobe os distintos procedementos e protocolos de avaliación, informe, certificación e acreditación que correspondan.

Coherentemente a Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, do 17 de setembro de 2009, pola que se regula a avaliación e o informe da ACSUG previos á contratación de profesorado, dispón na alínea b) do seu artigo 10 que será aquela a que aprobe os procedementos e protocolos que correspondan para a emisión destes informes e avaliacións.

Consonte ao exposto, e de acordo coas competencias outorgadas pola normativa de aplicación, acórdase aprobar o protocolo de avaliación e informe para a contratación de profesorado polas universidades integrantes do SUG, que se achega como anexo a seguir.

ANEXO

PROTOCOLO DE AVALIACIÓN E INFORME PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO POLAS UNIVERSIDADES INTEGRANTES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º.-Obxecto.

Establecese o protocolo de valoración aplicable á emisión pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), da avaliación necesaria para poder ser contratado por algunha das universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia (SUG), como profesorado contratado doutor, profesorado axudante doutor e profesorado de universidade privada, consonte o esixido nos artigos 50, 52 e 72 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, así como para a emisión do informe necesario para a contratación excepcional de profesorado colaborador a que se fai referencia no artigo 3 do Real decreto 989/2008, do 13 de xuño, polo que se regula a contratación excepcional dos profesores colaboradores.

Artigo 2º.-Destinatarios.

1. Poderán solicitar ante a ACSUG a emisión da avaliación previa á contratación de profesorado contratado doutor, profesorado axudante doutor e profesorado de universidade privada, as persoas que estean en posesión do título de doutor.
2. Poderán solicitar ante a ACSUG a emisión do informe previo á contratación excepcional de profesores colaboradores, as persoas que estean en posesión do título de diplomado, enxeñeiro técnico ou arquitecto técnico.

CAPÍTULO II PROCEDEMENTO

Artigo 3º.-Solicitude.

1. As solicitudes de avaliacións e informes presentaranse na ACSUG, ou en calquera dos rexistros relacionados no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes dirixiranse ao presidente ou presidenta da ACSUG, nos modelos normalizados que se indiquen nas correspondentes convocatorias e acompañaranse da documentación que establezan estas.

Artigo 4º.-Adopción dos acordos.

De conformidade co establecido na alínea a) do artigo 10, da Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se regula a emisión das avaliacións e informes da ACSUG para a contratación do profesorado e co establecido no artigo 22 dos estatutos da ACSUG, correspóndelle á CGIACA a competencia para a emisión dos informes e as avaliacións a que se fai referencia neste protocolo.

Para a adopción dos correspondentes acordos aplicarase o establecido nos artigos 8 e 9 do regulamento de funcionamento desta comisión, aprobado por acordo do 30 de setembro do 2009.

Artigo 5º.-Réxime dos acordos e recurso.

A teor do establecido na alínea c) do artigo 10, da Orde do 17 de setembro de 2009 pola que se regula a emisión das avaliacións e informes da ACSUG para a contratación do profesorado, e no artigo 30 dos estatutos da ACSUG, os acordos da CGIACA notificaránselle aos solicitantes nos seis meses seguintes ao peche do prazo de presentación de solicitudes que se estableza nas correspondentes convocatorias.

De conformidade co disposto na alínea d) do artigo 10, da citada Orde do 17 de setembro, así como no artigo 29 dos estatutos da ACSUG, estes acordos esgotan a vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

CAPÍTULO II PROTOCOLO DE AVALIACIÓN E INFORME

Artigo 6º.- Comités de asesores expertos.

1. Para realizar a emisión das avaliacións e os informes a CGIACA contará con comités de asesores expertos (CAE).

2. Os CAE constituiranse en función dos grandes campos científicos nos cales se recollen todas as áreas de coñecemento (comités de Ciencias Sociais e Xurídicas, Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde, Ensinanzas Técnicas e Humanidades). A distribución das áreas de coñecemento nos campos científicos será a que aparece reflectida no anexo I.

Malia o disposto no parágrafo anterior, e atendendo o número de solicitudes que poidan presentarse en relación coas distintas áreas de coñecemento, poderán dividirse os campos científicos, constituíndose subcomités.

3. Os comités e os subcomités estarán constituídos por un mínimo de 3 membros dos que un deles será o presidente e outro o secretario. O presidente será designado pola CGIACA e o secretario será o membro de menor idade.

4. Para formar parte dos CAE será requisito ser profesor de universidade, ter consolidados un mínimo de tres compoñentes por méritos docentes (quinquenios de docencia) e tres tramos do complemento de produtividade (sexenios de investigación) e non pertencer ao SUG. Este último requisito non será de aplicación para os presidentes dos comités.

5. A selección dos membros dos CAE farase por parte da CGIACA, de conformidade co establecido nas normas reguladoras do procedemento de xestión de asesores expertos aprobadas por esta, e a partir das listaxes dos profesores de cada ámbito científico que cumpran cos requisitos especificados neste artigo.

Artigo 7º.-Asignación das solicitudes aos CAE.

As solicitudes de avaliación ou informe recibidas na ACSUG serán asignadas en función do campo científico e área ou áreas de coñecemento que sinalase o interesado ao CAE correspondente.

Artigo 8º.-Valoración dos *curricula*.

1. A ACSUG, a través da CGIACA, daralles traslado aos CAE dos expedientes que fosen admitidos a trámite, para que emitan a correspondente valoración en función dos *curricula* presentados polos interesados.

A valoración das solicitudes farase en función da documentación achegada polos interesados. En todo caso, os CAE poderán solicitar a documentación xustificativa adicional que consideren necesaria.

2. Unha vez valoradas as solicitudes polos CAE, darase traslado delas á CGIACA para que emita os correspondentes acordos, de conformidade co establecido no artigo 4 deste protocolo.

Artigo 9º.-Criterios de valoración.

Os CAE valorarán os méritos individuais alegados polos solicitantes tendo en conta os baremos establecidos no anexo II.

Para que os informes sexan favorables ou as avaliacións sexan positivas deberán superarse as puntuacións establecidas no referido baremo. No caso contrario o informe será desfavorable ou a avaliación negativa.

**ANEXO I
CAMPOS CIENTÍFICOS E ÁREAS DE COÑECEMENTO**

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	
030	Antropoloxía Social
040	Biblioteconomía e Documentación
070	Ciencia Política e da Administración
095	Comercialización e Investigación de Mercados
105	Comunicación Audiovisual e Publicidade
125	Dereito Administrativo
130	Dereito Civil
135	Dereito Constitucional
140	Dereito de Traballo e da Seguridade Social
145	Dereito Eclesiástico do Estado
150	Dereito Financeiro e Tributario
155	Dereito Internacional Privado
160	Dereito Internacional Público e Relacións Internacionais
165	Dereito Mercantil
170	Dereito Penal
175	Dereito Procesual
180	Dereito Romano
187	Didáctica da Expresión Corporal
189	Didáctica da Expresión Musical
193	Didáctica da Expresión Plástica
195	Didáctica da Lingua e da Literatura
200	Didáctica da Matemática
205	Didáctica das Ciencias Experimentais
210	Didáctica das Ciencias Sociais
215	Didáctica e Organización Escolar
225	Economía Aplicada
230	Economía Financeira e Contabilidade
235	Economía, Socioloxía e Política Agraria
245	Educación Física e Deportiva
381	Filosofía do Dereito
383	Filosofía Moral
415	Fundamentos de Análise Económica
470	Historia do Dereito e as Institucións
475	Historia do Pensamento e dos Movementos Sociais e Políticos
480	Historia e Institucións Económicas
620	Metodoloxía das Ciencias e do Comportamento

623	Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa
625	Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación
650	Organización de empresas
675	Xornalismo
680	Personalidade, Avaliación e Tratamento Psicológico
725	Psicobioloxía
730	Psicoloxía Básica
735	Psicoloxía Evolutiva e da educación
740	Psicoloxía Social
775	Socioloxía
805	Teoría e Historia da Educación
813	Traballo Social e Servicios Sociais

CIENCIAS EXPERIMENTAIS	
005	Álgebra
015	Análise Matemática
038	Astronomía e Astrofísica
050	Biología Celular
060	Bioquímica e Biología Molecular
063	Botánica
065	Ciencia dos Materiais e Enxeñería Metalúrxica
075	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
120	Cristalografía e Mineraloxía
220	Ecoloxía
240	Edafoloxía e Química Agrícola
247	Electromagnetismo
250	Electrónica
265	Estatística e Investigación Operativa
280	Estratigrafía
315	Farmacoloxía
385	Física Aplicada
390	Física Atómica, Molecular e Nuclear
395	Física da Materia Condensada
398	Física da Terra
405	Física Teórica
410	Fisioloxía
412	Fisioloxía vexetal
420	Xenética
427	Xeodinámica Externa
428	Xeodinámica Interna
430	Xeografía Física
440	Xeometría e Topoloxía
443	Histoloxía
505	Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
555	Enxeñería Química
566	Inmunoloxía
570	Linguaxes e Sistemas Informáticos
595	Matemática Aplicada
600	Mecánica de Fluídos
605	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estructuras
630	Microbioloxía
640	Nutrición e Bromatoloxía
647	Óptica
655	Paleontoloxía
660	Parasitoloxía

685	Petroloxía e Xeoquímica
700	Producción Animal
705	Producción Vexetal
710	Prospección e Investigación Mineira
750	Química Analítica
755	Química Física
760	Química Inorgánica
765	Química Orgánica
770	Radioloxía e Medicina Física
773	Sanidade Animal
780	Tecnoloxía dos Alimentos
785	Tecnoloxía Electrónica
790	Tecnoloxía do Medio Natural
819	Zooloxía

CIENCIAS DA SAÚDE	
020	Anatomía Patolóxica
025	Anatomía e Anatomía Patolóxica Comparadas
027	Anatomía e Embrioloxía Humana
028	Antropoloxía Física
050	Bioloxía Celular
060	Bioquímica e Bioloxía Molecular
063	Botánica
090	Cirurgía
183	Dermatoloxía
245	Educación Física e Deportiva
255	Enfermería
275	Estomatoloxía
310	Farmacía e Tecnoloxía Farmacéutica
315	Farmacoloxía
410	Fisioloxía
413	Fisioterapia
420	Xenética
443	Histoloxía
460	Historia da Ciencia
566	Inmunoloxía
610	Medicina
613	Medicina Legal e Forense
615	Medicina Preventiva e Saúde Pública
617	Medicina e Cirurxía Animal
630	Microbioloxía
640	Nutrición e Bromatoloxía
645	Obstetricia e Xinecoloxía
646	Oftalmoloxía
653	Otorrinolaringoloxía
660	Parasitoloxía
670	Pediatría
725	Psicobioloxía
745	Psiquiatría
770	Radioloxía e Medicina Física
773	Sanidade Animal
807	Toxicoloxía
817	Uroloxía
830	Traumatoloxía e Ortopedia

ENSINANZAS TÉCNICAS	
035	Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores
075	Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial
083	Ciencias e Técnicas da Navegación
100	Composición Arquitectónica
110	Construccións Arquitectónicas
115	Construccións Navais
250	Electrónica
295	Explotación das Minas
300	Expresión Gráfica Arquitectónica
305	Expresión Gráfica na Enxeñería
495	Enxeñería Aeroespacial
500	Enxeñería Agroforestal
505	Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
510	Enxeñería da Construcción
515	Enxeñería dos Procesos de Fabricación
520	Enxeñería de Sistemas e Automática
525	Enxeñería de Terreo
530	Enxeñería e Infraestructuras dos Transportes
535	Enxeñería Eléctrica
540	Enxeñería Hidráulica
545	Enxeñería Mecánica
550	Enxeñería Nuclear
555	Enxeñería Química
560	Enxeñería Telemática
565	Enxeñería Téxtil e Papeleira
570	Linguaxes de Sistemas Informáticos
590	Máquinas e Motores Térmicos
600	Mecánica de Fluídos
605	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estructuras
700	Producción Animal
705	Producción Vexetal
710	Prospección e Investigación Mineira
715	Proxectos Arquitectónicos
720	Proxectos de Enxeñería
780	Tecnoloxía de Alimentos
785	Tecnoloxía Electrónica
800	Teoría do Sinal e Comunicación
815	Urbanística e Ordenación do Territorio

HUMANIDADES	
010	Análise Xeográfica Rexional
033	Arqueoloxía
085	Ciencias e Técnicas Historiográficas
185	Debuxo
260	Escultura
270	Estética e Teoría das Artes
285	Estudios Árabes e Islámicos
290	Estudios Hebreos e Arameos
320	Filoloxía Alemana
325	Filoloxía Catalana
327	Filoloxía Eslava
335	Filoloxía Francesa
340	Filoloxía Grega
345	Filoloxía Inglesa
350	Filoloxía Italiana
355	Filoloxía Latina
360	Filoloxía Románica
365	Filoloxía Vasca
370	Filoloxía Galega e Portuguesa
375	Filosofía
381	Filosofía do Dereito
383	Filosofía moral
435	Xeografía Humana
445	Historia Antiga
450	Historia Contemporánea
455	Historia de América
460	Historia da Ciencia
465	Historia da Arte
485	Historia Medieval
490	Historia Moderna
567	Lingua Española
568	Lingua e Cultura do Extremo Oriente
575	Lingüística Xeral
580	Lingüística Indoeuropea
583	Literatura Española
585	Lóxica da Filosofía da Ciencia
635	Música
690	Pintura
695	Prehistoria
796	Teoría da Literatura Comparada
814	Traducción e Interpretación

ÁREAS PERTENCENTES A DOUS CAMPOS CIENTÍFICOS**CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS E HUMANIDADES**

381	Filosofía do Dereito
383	Filosofía Moral

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS E SAÚDE

245	Educación Física e Deportiva
725	Psicobioloxía

CIENCIAS DA SAÚDE E HUMANIDADES

460	Historia da Ciencia
-----	---------------------

CIENCIAS EXPERIMENTAIS E SAÚDE

050	Bioloxía Celular
060	Bioquímica e Bioloxía Molecular
063	Botánica
315	Farmacoloxía
410	Fisioloxía
420	Xenética
443	Histoloxía
566	Inmunoloxía
630	Microbioloxía
640	Nutrición e Bromatoloxía
660	Parasitoloxía
770	Radioloxía e Medicina Física
773	Sanidade Animal

CIENCIAS EXPERIMENTAIS E ENSINANZAS TÉCNICAS

075	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial
250	Electrónica
505	Enxeñería Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría
555	Enxeñería Química
570	Linguaxes de Sistemas Informáticos
600	Mecánica de Fluídos
605	Mecánica de Medios Continuos e Teoría de Estructuras
700	Producción Animal
705	Producción Vexetal
710	Prospección e Investigación Mineira
780	Tecnoloxía de Alimentos
785	Tecnoloxía Electrónica

ANEXO II

BAREMO DE APLICACIÓN PARA A AVALIACIÓN E INFORME PREVIOS Á CONTRATACIÓN DE PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR, AXUDANTE DOUTOR, COLABORADOR E DE UNIVERSIDADE PRIVADA

Táboa de puntuacións máximas e mínimas esixidas

	Profesorado contratado doutor/profesorado de universidade privada ¹		Profesorado axudante doutor ²		Profesorado colaborador ³	
	Máxima	Mínima	Máxima	Mínima	Máxima	Mínima
Actividade investigadora	45	5	25	4	20	15
Actividade docente	25	5	20	4	25	
Formación académica	10	-	20	-	20	
Estadías en centros	Non		15	-	Non	
Actividade profesional	10	-	15	-	25	
Experiencia en xestión	10	-	5	-	10	
PUNTUACIÓN	100	55	100	40	100	50

(1) Para que a avaliación resulte positiva nas figuras de profesorado contratado doutor e profesorado de universidade privada, a puntuación total obtida deberá ser de 55 puntos como mínimo. Ademais, nas epígrafes de actividade investigadora e actividade docente deberase obter un mínimo de 5 puntos en cada una delas, así como un mínimo de 25 puntos da suma do resultado de ambas as dúas epígrafes. En caso de que non se supere algunha destas puntuacións a avaliación será negativa.

(2) Para que a avaliación resulte positiva na figura de profesorado axudante doutor, a puntuación total obtida deberá ser de 40 puntos como mínimo. Ademais, nas epígrafes de actividade investigadora e actividade docente deberase obter un mínimo de 4 puntos en cada unha delas, así como un mínimo de 20 puntos da suma do resultado destas epígrafes e as de formación académica e estadías en centros. En caso de que non se supere algunha destas puntuacións a avaliación será negativa.

(3) Para que o informe resulte favorable na figura de profesorado colaborador, a puntuación total obtida deberá ser de 50 puntos como mínimo. Ademais deberase obter un mínimo de 15 puntos da suma do resultado das epígrafes de actividade investigadora, actividade docente e formación académica. En caso de que non se supere algunha destas puntuacións o informe será desfavorable.

Criterios de puntuación

ACTIVIDADE INVESTIGADORA		MÁXIMA	RANGO/UNIDADE	
RESULTADOS DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA	Publicacións científicas indexadas ¹	Grupo A (33% Superior JCR)	4-5	
		Grupo B (33% Central JCR)	3-4	
		Grupo C (33% Inferior JCR)	0,5-3	
	Publicacións científicas non indexadas ¹	Grupo D (non incluídas no JCR)	0-5	
	Libros e capítulos de libros	Libro completo con ISBN ²	2-8 por libro	
		Editor ou coordinador	0-2/libro	
		Capítulo de libro ³	0-2/capítulo	
	Traducións de libros, artigos, etc.			0-5
	Creacións artísticas e profesionais			0,1-5
	Congresos	Relatorios por invitación	5	0-1,5
		Comunicacións		0-0,5
	Conferencias e seminarios científicos impartidos		3	0-1,5
PROXECTOS E CONTRATOS DE INVESTIGACIÓN	Participación en proxectos competitivos	Investigador principal	1-5/proxecto	
		Colaborador	0,25-0,5/proxecto ⁴	
Contratos e convenios de investigación		2		
TRANSFERENCIA DOS RESULTADOS	Patentes		0,5-4/registro	
	Transferencia de coñecemento		0,5-4	
TESES DE DOUTORAMENTO DIRIXIDAS	Dirección de teses de doutoramento defendidas ⁵		2-4/tese	
MOVILIDADE	Estadías en centros de investigación ⁶	5	0,5-3/ano	
OUTROS MÉRITOS DE INVESTIGACIÓN	Outros méritos de investigación	3		

1. Na valoración das publicacións científicas indexadas e non indexadas dun equipo de traballo de máis de catro membros, multiplicarase por catro a puntuación asignada e o resultado dividirase polo número de autores da publicación.
2. Na valoración dos libros nos que participasen máis de catro autores, multiplicarase por catro a puntuación asignada e o resultado dividirase polo número de autores do libro.
3. Na valoración dos capítulos de libro nos que participasen máis de dous autores, multiplicarase por dous a puntuación asignada e o resultado dividirase polo número de autores do capítulo. A puntuación resultante da suma de diferentes capítulos dun mesmo libro non poderá superar o rango máximo outorgado por un libro completo.
4. A puntuación da participación en proxectos competitivos como colaborador, estará limitada a un máximo de 0,5 puntos por ano.
5. En caso de codirección de teses a puntuación dividirase entre o número de directores.
6. As estadías en centros de investigación, na figura de profesorado axudante doutor, puntúan na epígrafe específica de "Estadías en Centros".

ACTIVIDADE DOCENTE		MÁXIMA	RANGO/UNIDADE
DEDICACIÓN DOCENTE	Docencia universitaria oficial impartida	15	0,2/crédito impartido
	Docencia non universitaria impartida	3	0,25/curso académico
	Dirección de proxectos de fin de carreira, tesinas, DEA, ...	5	0-0,5/traballo
CALIDADE DA ACTIVIDADE DOCENTE	Avaliación da actividade docente ($\geq 70\%$)		0,2/avaliación positiva anual
	Elaboración de material docente		
	Proxectos de innovación docente e emprego de novas tecnoloxías		
	Puntuación máxima permitida calidade actividade docente	5	
FORMACIÓN DIDÁCTICA PARA A ACTIVIDADE DOCENTE	Impartición de cursos e seminarios de formación docente	2	
	Asistencia a cursos e seminarios de formación docente ⁷	2	
	Estadías en centros docentes ⁸		0,5/trimestre
	Puntuación máxima permitida formación didáctica para a actividade docente	3	
OUTROS MÉRITOS DOCENTES	Outros méritos docentes	2	

7. Para valorar a asistencia a cursos e seminarios de formación docente, estes terán que ter un mínimo de 10 horas.
8. As estadías en centros docentes, na figura de profesorado axudante doutor, puntúan na epígrafe específica de "Estadías en Centros".

FORMACIÓN ACADÉMICA			MÁXIMA	RANGO/UNIDADE
FORMACIÓN REALIZADA	Titulación universitaria	Diplomado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico ⁹		1
		Licenciado, arquitecto, enxeñeiro, grao, máster universitario oficial ⁹		2
		DEA/Suficiencia Investigadora ⁹		3
		Doutoramento ⁹		4
		Outras diplomaturas		1
		Outras licenciaturas, graos, másteres Universitarios Oficiais		2
		Outros doutoramentos		2-4
	Expediente académico			1-4
	Másteres e posgraos non oficiais		2	0,5-2
	Cursos, seminarios e talleres de formación académica	Entre 100 e 250 horas	3	1-1,5
Entre 30 e 99 horas		0,5-1		
Entre 8 e 29 horas		0-0,5		
BECAS E PREMIOS	Bolsas predoutorais obtidas en convocatoria pública (FPI, FPU ou equivalentes)			1/ano
	Bolsas postdoutorais obtidas en convocatoria pública			0,1/mes
	Premios extraordinarios		3	0,5-2
OUTROS MÉRITOS DE FORMACIÓN ACADÉMICA	Outros méritos de formación académica		1	

9. Puntuarase só pola máxima titulación.

ACTIVIDADE PROFESIONAL		MÁXIMA	RANGO/UNIDADE
EXPERIENCIA PROFESIONAL EN EMPRESAS, INSTITUCIÓNS, ORGANISMOS PÚBLICOS E HOSPITAIS	Postos ocupados relacionados co ámbito científico polo que se avalía		2/ano
	Postos ocupados non relacionados co ámbito científico polo que se avalía	2	0,2-0,5/ano
ACTIVIDADES PROFESIONAIS	Actividades profesionais, proxectos, asesorías, direccións técnicas, informes, etc.	2	0,1-2/actividade
OUTROS MÉRITOS PROFESIONAIS	Outros méritos de actividades profesionais	1	

EXPERIENCIA EN XESTIÓN		MÁXIMA	RANGO/UNIDADE
CARGOS UNIPERSONAIS EN XESTIÓN UNIVERSITARIA	Vicerreitorado ou secretaría xeral de universidade		1,5/ano
	Decanato ou dirección de facultade ou escola ou equivalente		1/ano
	Vicedecanato ou subdirección de facultade ou escola		0,7/ano
	Dirección de instituto universitario ou equivalente		0,7/ano
	Secretaría de facultade ou escola		0,6/ano
	Dirección de departamento		0,6/ano
	Secretaría de departamento		0,4/ano
	Dirección, secretaría ou coordinación en congresos, seminarios, xornadas, cursos, etc.	1,5	0,1-0,5
OUTROS MÉRITOS DE XESTIÓN¹⁰		2	

10. Valorarase a participación en órganos colexiados, comisións de calidade e de coordinación académica.

ESTADÍAS EN CENTROS ¹⁰		MÁXIMA	RANGO/UNIDADE
ESTADÍAS EN CENTROS DE INVESTIGACIÓN			0,5-3/ano
ESTADÍAS EN CENTROS DOCENTES		1	0,5/trimestre

11. Esta epígrafe é exclusiva da figura de profesorado axudante doutor.